

## ACHEGA AO ESTUDO CONTEXTUAL DA OURIVERÍA CASTREXA

Por Lois LADRA

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago

Bolseiro da Fundación «Pedro Barrié» no Departamento de Ciencias e Técnicas do Património do FLUP

**Abstract:** Iron Age goldwork from Northwest Iberia is rethought to try to clarify its context and chronology. We present here the preliminary results of a previous and more extensive work about this question.

**Keywords:** Gold, context, Iron Age, Northwest Iberia, Chronology.

### NOTAS INTRODUTORIAS SOBRE UNHA CUESTIÓN SEMPRE POLÉMICA

A *Cultura Castrexa* confórmase como unha das especificidades arqueolóxicas máis singulares dentro da Proto-historia peninsular. Dentro dela, a grande maioría dos investigadores concordan á hora de caracterizar a súa produción ouriverística coma un dos maiores logros acadados a nivel tecnolóxico, estilístico e formal. Nembargantes, o estudo da ourivesaría castrexa, malia o feito de contar con unha xa máis que longa e centenaria tradición historiográfica, presenta aínda hoxe dúas cuestións moi problemáticas: o contexto arqueolóxico destes achados e o seu encadramento cronolóxico.

Ao longo de numerosos estudos atopámonos de cote co laio xeralizado dos investigadores, os cuais xeralmente afirman que a carencia de contextos ben definidos prívanos de atinxir un mellor coñecemento dunha parte importantísima da cultura material vencellada, *a priori*, á Idade do Ferro do Noroeste hispánico. Así, non resulta estraño atopámonos con estudos xerais que aluden ao feito de que «*la mayoría de los hallazgos suele proporcionar una o varias piezas, fuera casi siempre de contexto claro y con datos de gran pobreza cronológica que no posibilitan dataciones absolutas aproximadas*» (PÉREZ, 1989: 92). Esta idea reitérase noutros traballos nos que se afirma que «*la interpretación de la orfebrería castreña se ve mediatizada por la falta de contextos arqueológicos claros*»

(CASTRO, 1995: 127) xa que «*la mayor parte de las piezas conservadas son producto de hallazgos fortuítos y no existen datos sobre su localización primitiva u originaria; sólo un mínimo tanto por ciento proceden de excavaciones arqueológicas sistemáticas y científicas*» (BALSEIRO, 1999: 22).

Esta situación, aparentemente irresolúbel, provoca en determinados sectores da investigación un certo desacougo que se traduce en propostas contextuais certamente peregrinas, como a que recentemente defendeu a idea (!) de que «*el contexto del torques es precisamente la ausencia de contexto*» (ARMBRUSTER e PEREA, 2000: 98). Se cadra teríamos que reformular esta hipótese asumindo que *o noso descoñecemento sobre este particular é precisamente o que nos debería obrigar a recoñecer que non temos encetado moi axeitadamente a cuestión que compriría analizar*. O peor de todo este enredo encontrámolo cando nos atopamos perante adscripcións cronolóxicas de moi variada índole, derivadas desta importante eiva ou falla de información.

Entre as diferentes filiacións cronoculturais que se teñen barallado para a ourivería castrexa sobrancean basicamente as que defenden unha datación indíxena pre-romana (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951; PÉREZ, 1989; BALSEIRO, 1994; CASTRO, 1995; CASAL e FERNÁNDEZ, 1998; etc.) e as que negan este vencello, postulando directa ou indirectamente unha ligazón co período galaico-romano (PEÑA, 1992: 384 ; CALO, 1993: 133).

Perante este contradictorio panorama, cómpre facérmonos unha pregunta cáseque obvia: ¿Por qué non posuímos contextos arqueolóxicos ben definidos para a ourivería castrexa? Para dar resposta a esta cuestión deberemos encetar unha pequena recapitación sobre as circunstancias nas que a cotío se produce ou non a aparición destes achados e sobre a nosa apreciación do concepto de contexto.

## ALGUNHAS REFLEXIÓNS TERMINOLÓXICAS E CONCEPTUAIS

A idea de **contexto arqueolóxico** non deixa de ser até certo punto ambigua, pois o desencontro entre os especialistas resulta manifesto. Esta noción pode ser reducida ao seu aspecto puramente estratigráfico ou ampliada até a globalidade da aprehensión da significación cultural dos elementos materiais. Así, para algúns autores o contexto dun obxecto «*consiste en su nivel inmediato (el material que lo rodea, por lo general algún tipo de sedimento como grava, arena o arcilla), su situación (la posición horizontal y vertical dentro del nivel) y su asociación a otros hallazgos (la aparición conjunta de otros restos arqueológicos, por lo general del mismo nivel)*» (RENFREW e BAHN, 1993:44). Outros investigadores propoñen que «*el contexto de una característica arqueológica es la totalidad del medio relevante, en la que relevante se refiere a una relación significativa con el objeto, esto es, una relación necesaria para discernir el significado del objeto*» (HODDER, 1994: 154).

Na nosa opinión, o contexto arqueolóxico debe ser entendido basicamente coma o conxunto de informacións relativas á **significación cultural** do elemento sometido a análise. Este conxunto de informacións deberá comprender alomenos a localización crono-espacial e o encadramento tecno-tipolóxico do obxecto estudado. Expliquémonos. A *localización crono-espacial* dun elemento material determinado pódese efectuar por datación relativa ou absoluta, e isto inclúe varias escalas de análise entre as que cómpre salientar, de menor a maior, a determinación completa da súa posición estratigráfica (tipo de depósito, camada, asociación directa con outros items...), a súa relación con estruturas arqueolóxicas inmediatas (dentro ou fóra dunha vivenda, dunha tumba...) e a caracterización arqueolóxica do sitio no que foi asoellado (necrópole, poboado, depósito...).

Por outra banda, o *encadramento tecno-tipolóxico* dun obxecto axudaranos a definir a súa morfoloxía, o seu proceso de elaboración e, posibelmente, o uso primario orixinal para o cal foi concibido. Se conseguimos reunir todos os datos relativos a estes niveis de análise poderemos atoparnos en boa medida moi perto de atinxir satisfactoriamente a *interpretación contextual e cultural* de calquer elemento material rexistrado arqueoloxicamente. Antes de debuzarnos de cheo sobre esta cuestión cómpre facermos unha breve e introdutoria aproximación aos antecedentes da chamada *ourivería castrexa* para ver se podemos dexergar algunhas consideracións útiles para o noso traballo.

## **ANTECEDENTES: DAS ORIXES DO TRABALLO DO OURO AO BRONCE FINAL**

No estado actual da investigación pódese dicir que as primeiras manifestacións materiais ben documentadas que denotan a presenza de elementos de ourivesaría para a área noroccidental da Península Ibérica serían as pezas rexistradas no abrigo do Buraco da Pala (Mirandela, Trás-os-Montes), datadas a mediados do III<sup>o</sup> milenio A.C. (CAVALHEIRO e SANCHES, 1995).

O contexto arqueolóxico destas producións no Noroeste durante o Calcolítico e o Bronce Antigo e Medio tense definido como maioritariamente funerario, aínda que tamén existan exemplos de depósitos isolados e pezas recuperadas en ambientes domésticos (CASAL e BÓVEDA, 1996). Este feito resulta coincidente co que acontece noutras áreas peninsulares (PEREA, 1991), téndose argumentado un desllocamento progresivo da ourivería desde o *mundo dos mortos* cara ao *mundo dos vivos* (BALSEIRO, 2000: 44). Isto debe matizarse, pois moitos depósitos aínda non foron caracterizados coa seguridade mínima como para establecer diferencias nidias entre o seu carácter sagrado e / ou profano.

Sexa como for, o certo é que *grosso modo* podemos falar duns contextos maioritariamente funerarios para a ourivería das primeiras etapas da metalurxia noroccidental e do predominio de depósitos isolados para os momentos finais da Idade do Bronce.

## ¿PODEMOS FALAR DE CONTEXTOS PARA A OURIVERÍA CASTREXA?

No caso concreto que nos ocupa deberemos tentar definir cal foi o **contexto de uso sistémico** para o conxunto de elementos comunmente agrupados baixo a denominación xenérica de *ourivería castrexa*. Se partimos da base anteriormente exposta, o certo é que cómpre recoñecer a ausencia dunha ampla casuística na que o contexto estratigráfico destes achados se atope ben definido.

A diferenza do que acontece en outras áreas culturais, na Idade do Ferro do Noroeste a diferenciación entre contextos domésticos, contextos funerarios e contextos simbólicos non vencellados coa morte resulta moi feble e atópase mal caracterizada. Así, a pesar de que xa son moitos os poboados que foron sometidos a escavacións sistemáticas, os estudos encadrados no ámbito da chamada *arqueoloxía da morte* atópanse en estado moi embrionario, por non falar do mundo simbólico, do que apenas temos unhas nocións moi elementais.

Sobre as evidencias materiais vencelladas ao ritual funerario de época castrexa pre-romana contamos con estudos de certa antigüidade (LUENGO, 1950; GARCÍA, 1966) aos que máis recentemente se teñen engadido outras investigacións máis actualizadas (VILASECO, 1999; BETTENCOURT, 2000). Aquí radica unha das cuestións básicas á hora de categorizar diferentes tipos de contexto para algúns achados de elementos de ourivesaría, pois dentro dun mesmo tipo de xacemento —o castro— podemos rexistrar, cando menos, a presenza de actividades de carácter doméstico e funerario. Esta realidade contextual plurifuncional afecta á grande maioría das alfaias castrexas recuperadas no interior dos poboados, pois só en casos moi concretos e a unha escala de análise semi-micro poderíamos diferenciar deposicionalmente entre un e outro tipo de contexto, algo que, hoxe por hoxe, semella moi difícil de levar a cabo a partir da información dispoñíbel para achados antigos. Ao carecermos de ambientes arqueolóxicos unifuncionais fisicamente diferenciados en tipos de xacementos diferenciados non podemos proceder a establecer categorías absolutas e excluíntes de contextos deposicionais considerados como *clásicos* dentro dos estudos arqueolóxicos: poboados, necrópoles e depósitos pechados isolados.

Nembargantes, tampouco podemos ignorar e desaproveitar as informacións fornecidas para os *contextos ambientais* nos que se produciron algúns achados, así que teremos que levar a cabo a nosa análise a partir dos datos dispoñíbeis. Por outra banda cómpre non esquecer que, para alén da máis que probábel plurifuncionalidade contextual dos poboados castrexos, éstos tamén supoñen en numerosas ocasións a presenza de longas secuencias ocupacionais, co cal tamén deberemos ter presente que diversas realidades históricas —correspondentes a sociedades pre-romanas, romanizadas e mesmo altomedievais— entran dentro dun mesmo tipo xeral de realidade arqueolóxica ou asentamento como é a dos poboados castrexos (PEREIRA, 1983).

## **SOBRE AS ESCALAS DE ANÁLISE ESPACIAL: ALGÚNS EXEMPLOS CONCRETOS**

Dentro das que poderíamos denominar *produccións clásicas* da ourivesaría castrexa, para diferencialas dos achados vencellados tecno-tipoloxicamente ao Bronce Final, cómpre sinalarmos o feito de que podemos proceder a efectuar diferentes *análises locacionais* en función da escala empregada. Canto máis concreta sexa esta escala menores serán os elementos de análise dispoñíbeis. Así, distinguiremos catro tipos de análise, de maior a menor entidade: territorial, locacional, situacional e deposicional.

Entendemos por **análise territorial** aquela que atende exclusivamente á procedencia xeográfica dos achados considerados. En moitas ocasións, aínda que descoñezamos as circunstancias concretas que arrodearon a descuberta dun obxecto, si sabemos en que lugar, freguesía ou concello foi recuperado. Só con esta aparentemente escasa información e recorrendo a un sinxelo cartografado dos distintos achados documentados podemos chegar a falar de áreas xeográficas onde se produce unha concentración significativa de determinados tipos. Isto ten levado a algúns investigadores a suxerir a existencia dunha certa *territorialidade distributiva* para determinadas formas de arrecadas (PÉREZ, 1982: 180) ou torques (LÓPEZ CUEVILLAS, 1932: 117). Ademais, chegouse a diferenciar entre diademas *galegos* e *asturianos* (BÓVEDA, 1999: 614) e a xeorreferenciar determinados tipos de torques como *asturianos* (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951: 50), *asturnorcalaicos* (MONTEAGUDO, 1952: 294-296) ou *nordorientalgalaicos* (BOUZA, 1965: 10). En última instancia, esta acusada territorialidade foi interpretada como indicio da existencia de diferentes obradoiros rexionais (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951: 49-51) ou como proba da presenza de filiacións de carácter etnolóxico (MONTEAGUDO, 1952).

A **análise locacional** tería en consideración o tipo de sitio no que se recuperaron os achados, falándose daquela de pezas asoelladas en relación con poboados (ben sexa no interior da acrópole, no antecastro, no camiño de acceso...) ou en ambientes acuáticos (lacustres, palustres, fluviais...). Deste xeito, resulta enormemente doado constatar bibliograficamente a abundancia de manufacturas áureas de distintos tipos exhumadas nas croas de castros como Elviña, Baroña, A Graña, Viladonga, Troña, Santa Tegra, Sanfins, Briteiros, Laúndos, Chao Samartín, Campa Torres, Pico Castiello de Berducedo... ou nas terrazas exteriores dos de Viladonga, Recouso... Verbo deste particular cómpre lembrar que o cualificativo de *castrexa* para esta ourivería está locacionalmente máis que xustificado, pois a imensa maioría das descubertas se produciron no interior dos poboados (LADRA, 2001). Por outra banda, de ambientes acuáticos proceden un dos torques de Viveiro, aparecido na xunqueira de Portochoa (MACIÑEIRA, 1930: 227), outro torques asoellado nas marxes do río Oitabén (LÓPEZ CUEVILLAS, 1932: 110), a arrecada de Vilar de Santos, recuperada nun lugar inmediato á Lagoa de Antela (LÓPEZ CUEVILLAS, 1939: 141) e a de Cances, descuberta no antigo leito fluvial do Regato Bandeira (PÉREZ, 1982: 55).

A **análise situacional** aplicaríase en casos nos que coñecemos a situación aproximada do achado en relación coa trama urbanística ou coa organización e distribución de espazos en poboados amplamente escavados en superficie. Un dos lugares preferentes de aparición deste tipo de pezas sería o exterior inmediato a estruturas arquitectónicas interpretadas como vivendas. Así, a arrecada áurea de Baroña foi asoellada no exterior dunha casa de planta oblonga, na cuadrícula F 5 (CALO e SOEIRO, 1986: 19); o fragmento de torques de Troña apareceu no exterior dunha agrupación de estruturas arquitectónicas de carácter doméstico (LADRA, 1999b: 69); a arrecada de Viladonga foi descuberta na área D-32, no exterior dunha vivenda (ARIAS, 1996a: 112) e os restos doutra arrecada procedente da Graña atopábanse no exterior dun fondo de cabana baptizado como FC-5, concretamente ao pé do seu zócalo (MEIJIDE, 1996: 111). Por outra banda, en ocasións estas pezas localizáronse no interior deste mesmo tipo de estruturas, coma un dos torques de Viladonga, asoellado nunha vivenda de planta cuadrangular (ARIAS, 1996b: 114), o célebre Tesouro de Elviña, atopado baixo no interior da vivenda de planta rectangular número 24 (LUENGO, 1979: 213), as arrecadas de Briteiros, exhumadas no interior dunha das pequenas habitacións cuadrangulares do poboado (CARDOZO, 1937: 256) ou as de Laúndos, recuperadas dentro dunha casa de planta circular (SEVERO, 1905-08: 404).

Finalmente, a **análise deposicional** tería en consideración as circunstancias específicas, nomeadamente estratigráficas, nas que se produciu o achado dos obxectos. Serían datos de especial relevancia aqueles referidos á inserción das pezas en determinados tipos de recipientes cerámicos ou metálicos, á súa colocación por baixo ou por cima dun pavimento, dentro de algunha estrutura de pequenas dimensións confeccionada *ad hoc*, etcétera. Como resulta obvio, esta análise require un maior grao de precisión no rexistro arqueolóxico, co gallo de procedermos a caracterizar mellor o **contexto sistémico** destes achados. A pesar de non dispormos en moitas ocasións de todas as informacións necesarias para proceder ao seu estudo completo, coido que si poden sernos de utilidade determinados pormenores que foron sinalados por algúns investigadores e nos que resulta relativamente doado apreciar certas reiteracións sistemáticas no *comportamento deposicional*. Vexamos esta cuestión en detalle.

A escavación do Castro de Terroso por José Fortes e Rocha Peixoto forneceu a Ruy Serpa Pinto e a Florentino López Cuevillas os datos suficientes como para que estes dous investigadores fixeran unha primeira chamada de atención sobre a posíbel presenza de estruturas funerarias no interior dos poboados castrexos (LÓPEZ CUEVILLAS e SERPA PINTO, 1933-34). Anos máis tarde, as escavacións nos castros de Meirás, Coaña, Pendía, Sanfins e Âncora virían a confirmar esta hipótese, co achado de diversas sepulturas individuais no interior dos mentados xacementos.

A intervención arqueolóxica do Dr. Silva na Cividade de Terroso puxo ao descuberto unha área funeraria na que se rexistrou a existencia dunha pequena cista trapezoidal en granito que tiña sido violada a teor da ausencia da tampa,

aínda que no seu interior foi recuperada unha vasilla cerámica de feitío campanular e varios fragmentos doutro recipiente en barro de perfil en S, sen outros materiais asociados para alén da presenza de algúns pequenos carbóns e unha landra carbonizada (SILVA, 1980: 311). Pois ben, o primeiro destes dous recipientes (SILVA, 1986, Est. XLV, 12) resulta a nivel morfolóxico practicamente idéntico ao que foi achado casualmente na Citânia de Briteiros (CARDOZO, 1937: 258, fig. 3) contendo diversos elementos de ourivería castrexa.

Esta descuberta produciuse en Setembro de 1937, ao aparecer «no interior de uma das pequenas habitações quadrangulares do povoado, num dos ângulos do pavimento, e quasi à flor da terra, um pequeno vaso de barro contendo um formosíssimo par de brincos ou arrecadas de ouro» (CARDOZO, 1937: 256).




FIGURA 1: Recipientes cerámicos acampanados. Sen escala.  
1.1 Castro de Terroso (segundo SILVA, 1986, Est. XLV, 12)  
1.2 Citânia de Briteiros (segundo CARDOZO, 1937: 258, fig. 3)

Os paralelos formais existentes entre estes dous recipientes e a concorrencia de informacións contextuais con características moi semellantes para os dous casos lévanos a pensar que nos atoparíamos perante deposicións secundarias en urnas dos restos da incineración de cadáveres individuais. Non se trata de exemplares de vasillas excepcionais ou pouco frecuentes, pois esta morfoloxía cerámica, clasificada por Ferreira de Almeida como Forma 7 (ALMEIDA, 1974: 193-194) foi rexistrada en varios casos recuperados en Terroso, Briteiros, Sanfins e Âncora (SILVA, 1980: 311, nota 2). Cómpre salientar que nos dous primeiros achados citados trátase de exemplares non decorados e con unha adscrición cronolóxica aparentemente serodia dentro dun contexto pre-romano no que xa se coñece e emprega o torno rudimentario (SILVA, 1980: 311, nota 2).

Esta morfoloxía cerámica concreta foi interpretada de diversas maneiras: para Ferreira de Almeida, nun primeiro estudo, (1972: 22) trataríase de unha imitación de formas semellantes rexistradas no xacimento de Santa Olaia; anos máis tarde

este mesmo investigador considerará a possibilidade de que se tratara de copias locais de vasillas arxéneas alóctonas como as de Tivissa, Salvacañete, Chão de Lamas, Santiago de la Espada, etc. (ALMEIDA, 1974: 194). En relación con este último tipo de recipientes, no seu ámbito orixinario foron caracterizados como *vasos de toucador* (ALMEIDA, 1974: 194) ou como *vasos para beber* (LUZÓN, 1973). Pola nosa banda e á vista do anteriormente exposto, non descartamos a possibilidade de estarmos perante urnas rituais depositadas en contextos funerarios, alomenos en algúns casos concretos.

Se o achado briteirense ben podía corresponderse con un contexto funerario no interior dun poboado, non menos plausíbeis resultarían os dos castros de Laundos e da Póvoa de Lanhoso. O Tesouro de Laundos é un depósito composto por un par de arrecadas áureas e unha pella de prata, todo elo asoellado «à profundidade de quatro palmos, dentro de uma púcara de barro que se quebrou, no meio de entulho de terra e pedras; a púcara estava debaixo d'uma lamina de schisto negro e assentava sobre telha ou tijolo, que ao achador parecia de lareira. Verifica-se que era ahi o sítio de uma casa de planta circular (...). A construção é do typo commum a castros e cidades. Do entulho fazem parte muitos fragmentos de telhas, tijolos de rebordo, restos de louça e carvões» (SEVERO, 1905-08: 404). Autores posteriores infórmanos de que esta vasilla estaba elaborada a man (PÉREZ, 1982: 64) e resulta sorprendente a súa semellanza coa do recipiente *bojudo*, de perfil em S, tipo C1, recuperada por Silva no Castro de Terroso nun contexto nidiamente funerario (SILVA, 1986: 303).

Os tres torques recuperados no Castro de Lanhoso apareceron «junto de alicerces de casas circulares castrejas, tendo-se-lhe deparado aquelas jóias no meio de terra misturada de cinzas, sob uma pedra recentemente tombada. No talude via-se ainda uma espécie de cova circular que, segundo os operários, estava cheia de cinza e terra com carvões» (TEIXEIRA, 1939: 246).




FIGURA 2: Recipientes cerámicos do tipo C1 de Silva. Sen escala.  
2.1 Castro de Terroso (segundo SILVA, 1986, Est. XLVI, 1)  
2.2 Castro de Laundos (tomado de PÉREZ, 1982: 65, fig. 14)



Por todo o antedito, detéctase un padrón de comportamento deposicional nos tres casos mentados, nos que se dá a concorrencia das seguintes circunstancias: trátase sempre de achados realizados no interior dos poboados, en relación con estruturas construtivas de carácter aparentemente doméstico e no interior de espazos especificamente destinados a acobillalos, como fosas (Lanhoso), angulosidades do pavimento (Briteiros) ou «lareiras» (Laundos), sinalizadas por lousas de xisto ou pedras tombadas, compostos por varias manufacturas do mesmo tipo xenérico de xoia —torques ou arrecadas— e incluso do mesmo morfotipo específico; aparecen no interior de recipientes cerámicos con formas moi determinadas e en terras aparentemente revoltas nas que se constata a presenza de cinzas e carbóns. Todo isto fainos lembrar as características xerais da área funeraria do Castro de Terroso e, verbo destas regularidades deposicionais non estaría de máis lembrar a hipótese exposta polo arqueólogo que dirixiu os traballos de escavación neste poboado, segundo a cal «*as populações castrejas (...) praticavam, na sequência das inovações transmitidas pelos Campos de Urnas, o rito de incineração, depositando, nos tempos mais antigos, as cinzas dos seus mortos no interior das suas habitações em pequenas fossas de planta circular com paramentos de alvenaria e, posteriormente, em recinto próprio no exterior das casas mas dentro do núcleo familiar* » (SILVA, 1986: 302).

## BREVES CONSIDERACIÓNS SOBRE A CRONOLOXÍA DA OURIVERÍA CASTREXA

Acabamos de ver como, aínda carecendo de informacións dotadas da exhaustividade que sería de desexar, podemos extraer algunhas conclusións provisórias non exentas de certo potencial interpretativo. Outra cuestión de grande interese é a da adscripción cronolóxica proposta para esta caste de materiais. Xa referimos o feito de que non faltan autores que cuestionan en maior ou menor medida a pre-romanidade da ourivería castrexa (PEÑA, 1992: 384 ; CALO, 1993: 133). Cómpre sinalar que contamos con evidencias suficientes como para afirmar a súa orixe indíxena pre-romana e a súa pervivenza en contextos serodios, xa romanizados. Novamente atopámonos coa noción de contexto cultural, pois teremos que analizar as variábeis espacio-temporais, ambientais, tecnolóxicas, ornamentais, estratigráficas e sistémicas.

Verbo do **encadramento xeográfico** sinalaremos que, basicamente, os achados correspondentes ás manufacturas clásicas da ourivería castrexa pódense xeorreferenciar e acoutar cartograficamente con total seguridade alomenos dentro da área noroccidental delimitada xenericamente entre o Atlántico e os cursos fluviais do Douro e do Navia, se ben en certos casos podemos falar de zonas de influencia que atinxirían o Mondego polo Sul e o Sella e o Esla polo Leste. Estamos pois, perante a área clásica na que se desenvolveu a Cultura Castrexa e que, trala conquista e organización territorial romana, virá a denominarse Gallaecia.

O **marco temporal** ten que ser establecido de dúas maneiras: a través de estudos de cronoloxía relativa e absoluta determinábeis en algúns achados. Sobre este particular, se diferenciamos entre as *produccións arcaicas* de finais da Idade do Bronce e as *produccións clásicas* necesariamente posteriores atopámonos co feito de que contamos con unha datación radiocarbónica (Gd-5859, 2210 +/- 50 BP) asociada ao achado dunha arrecada no Castro da Graña que nos leva aos séculos III-II a.C. (MEIJIDE, 1996: 111); por outra banda, outra arrecada, desta volta briteirense, foi asoellada xunto con un numisma grego do século III a.C. (CASTRO, 1995: 127); asemade, tamén dispomos dos elementos de xuízo suficientes como para apreciar unha cronoloxía relativa pre-romana que apunta no mesmo senso no pendente do Picu Castiello de Moriyón, recuperado en niveis indíxenas non romanizados datados nos séculos II-I a.C. (CAMINO, 1995: 247). Un contexto deposicional intermedio estaría na data de ocultación do *Tesouro Bedoya*, no que xunto a un diadema e dous pares de arrecadas apareceron varias moedas, a última delas acuñada no ano 91 d.C. (FILGUEIRA e BLANCO, 1954: 163). O contexto máis tardío viría dado polo achado dun torques no Castro de Viladonga, asoellado no interior dunha vivenda de época galaico-romana e asociado estratigraficamente a materiais como unha fíbula e un anel de bronce, diversos fragmentos de *Terra Sigillata Hispanica*, cerámica común romana e algunhas moedas, elementos todos eles datábeis entre os séculos II e IV d.C. (com. pers. F. ARIAS). Teríamos así dúas balizas cronolóxicas extremas, que marcarían un amplo lapso de tempo comprendido entre o século III a.C. e o IV d.C., o cal implica lóxicamente momentos culturais pre-romanos e galaico-romanos para a deposición destas pezas. De calquer maneira, este período podería ampliarse, tanto cara atrás coma cara adiante, en función da aparición de novos datos seguros e da comprobación das hipóteses que postulan e defenden unha deposición serodia para este tipo de materiais, derivada da súa transmisión interxeneracional e do seu atesouramento material.

Por outra banda, tense proposto, e con razón, que moitas pezas de ourivería —non todas— recuperadas no interior dos poboados castrexos en contextos arqueolóxicos minimamente definidos fixérono en ambientes «romanizados» (PEÑA, 1992: 384). Verbo deste particular sería bon lembrarmos dúas cousas: a primeira, que estes mesmos xacementos constan na maioría das ocasións con niveis e materiais de clara filiación pre-romana e, a segunda, que, como xa foi indicado por outros autores, estas pezas ou elementos simbólicos de prestixio ben poderían ter sido herdados de xeración en xeración ou atesourados polo seu valor material intrínseco (CASTRO, 1995: 126-127). Asemade, o conservadurismo formal e a existencia de reparacións en determinadas pezas advogarían en favor da hipótese de concederlles unha función especial como elementos importantes na esfera dos vivos, facilitando o seu uso prolongado e diacrónico (CASTRO, 1995: 127).

Finalmente, non podemos esquecer que o momento en que se produce a deposición dun obxecto non sempre coincide co do seu uso sistémico, pois, como

ben sinalou Richard Bradley (1990: 33) a maioría das manufacturas recuperadas arqueoloxicamente foron depositadas no comezo ou no fin do seu ciclo vital, e polo tanto fóra do seu contexto de uso cotián. En relación cos achados de xoias nos poboados castrexos cómpre considerar o feito de que moitas destas pezas apareceron en estado fragmentario ou incompleto, e polo tanto desposuídas do seu valor e significado orixinal (LADRA, 1999b: 72-73), podendo ter sido atesourados exclusivamente en función da preciosa materia prima en que foron confeccionadas. Para alén disto, descubertas como as do fragmento de torques de Troña, a arrecada de Baroña ou o pendente de Chao Samartín apareceron en terras revoltas marxinais correspondentes a vestixios de determinadas operacións de reorganización espacial efectuadas no interior dos poboados en momentos correspondentes á súa romanización. Este feito estaríanos a indicar que se trataría de deposicións accidentais de elementos residuais xa fóra do seu contexto de uso sistémico e consecuentemente carentes do significado simbólico e social que se lles suporía anterior e indíxena, sen romanizar.

No que respecta ao **contexto cultural** destes elementos materiais, cómpre sinalar que, o mesmo que acontece na práctica totalidade da Europa Occidental, o seu momento principal de uso e conceptualización simbólica, formal, tecnolóxica, ornamental e material estaría principalmente circunscrito á Segunda Idade do Ferro, especialmente a partir do século III a.C. e con maiores ou menores pervivencias diacrónicas derivadas da aparición e desenvolvemento do proceso de aculturación que supuxo a conquista e dominación romana.

Por outra banda, o **tipo de xacemento** en que foron recuperadas a maior parte destas pezas correspóndese co hábitat indíxena tradicional, non existindo constancia até o momento presente da aparición desta caste de xoias en estacións propiamente romanas, como acampamentos, vilas ou cidades. Asemade, outro dato interesante a ter en conta é o de que as producións clásicas tampouco foron asoelladas en castros con datacións á volta do Bronce Final e da Primeira Idade do Ferro coma Penalba, Torroso ou Neixón Pequeno, o cal inclínanos unha vez máis a considerar o seu encadramento cronolóxico na Segunda Idade do Ferro (LADRA, 2001: 80). Para alén disto, a ninguén pode estrañar o feito de que, mesmo nos casos onde se constatan as deposicións máis serodias, éstas atópanse vencelladas aos poboados de tradición indíxena como acontece en Viladonga, e non nas capitais administrativas de Lucus, Bracara e Asturica. Tampouco estaría de máis lembrar que, mesmo nos propios textos redactados polos autores clásicos, elementos tan significativos coma os torques son empregados para caracterizar aos pobos bárbaros, por contraposición ás «civilizadas» xentes romanas. O torques resulta ser un elemento orixinalmente estraño á cultura latina, aínda que en momentos máis avanzados se produza a súa «descuberta», apropiación formal e reformulación simbólico-funcional durante os tempos do Imperio (CASTRO, 1987).

Noutra orde de cousas, tense definido e caracterizado a existencia dun **ámbito tecnolóxico castrexo** dotado de conceptos formais, técnicos, instrumentais,

procedimentais e ornamentais específicos (ARMBRUSTER e PEREA, 2000), completamente á marxe da órbita romana e con marcados antecedentes nos momentos finais da Idade do Bronce —vaciado en molde e fundición á cera perdida— aos que se engadirían determinadas influencias meridionais—tecnoloxía de soldadura apreciábel na unión de determinados elementos para crear pezas compostas e desenrolo de técnicas ornamentais de aplicación plástica como a filigrana e o granulado— en datas posteriores. Para tipos concretos de xoias coma os torques compartimos a idea de que, tanto desde o punto de vista formal como tecnolóxico as orixes da súa produción son nidiamente pre-romanas (REBOREDO, 2000: 489-490). Asemade, o **repertorio ornamental** e a **sintaxe decorativa** observábel no discurso derivado dos enfeites destas manufacturas resultan completamente estraños á cultura romana, atopando os seus paralelos máis claros en elementos de tradición indíxena pre-romana coma os círculos concéntricos, os grupos de «SSS», os entranzados imitando labores de cestería... ou nas influencias mediterránicas non latinas visíbeis en motivos como as rosetas, foliáceas, triángulos recheos de puntos, campánulas... En definitiva, logo das consideracións efectuadas neste traballo consideramos que a ourivería castrexa posúe determinados exemplos de contextos ben definidos en función da escala de análise proposta, podéndose caracterizar algúns deles como funerarios (deposicións de xoias no interior de vasillas cerámicas vencelladas a estruturas domésticas) ou simbólicos (deposicións de alfaias en medios acuáticos vencellados con ritos de paso de vida ou morte, fóra dos poboados). Asemade, verbo da cronoloxía resulta evidente que todavía nos atopamos lonxe de poder establecer secuenciacións e periodizacións temporais moi aperfeizoadas, aínda que si podemos falar dunha orixe conceptual indíxena e pre-romana, con pervivencias diacrónicas de uso que en certos casos nos levan a tempos galaico-romanos relativamente serodios, posibelmente vencellados a fenómenos arcaizantes que plasman a agonía dunha tradición cultural sometida a unha forte reorganización global logo da cal ésta tería mudado significativamente, adaptándose aos novos tempos.

A Coruña, Setembro de 2001

## BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA, C.A.F. de (1972): «A Póvoa de Varzim e o seu aro na Antiguidade», *Póvoa de Varzim. Boletim Cultural*, XI (1), pp. 5-34.
- ALMEIDA, C.A.F. de (1974): «Cerâmica Castreja», *Revista de Guimarães*, LXXXIV (1-4), pp. 171-197.
- ARIAS VILAS, F. (1996a): «Arracada de Viladonga», *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*. Lugo, p. 112.
- ARIAS VILAS, F. (1996b): «Torques de Viladonga II», *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*. Lugo, p. 114.
- ARMBRUSTER, B. R. e PEREA CAVEDA, A. (2000): «Macizo/hueco, soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia», *Trabajos de Prehistoria*, 57 (1), pp. 97-114.
- BALSEIRO FERNÁNDEZ, A. (1994): *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. Lugo.
- BALSEIRO FERNÁNDEZ, A. (1999): «Problemática del estudio de la orfebrería prehistórica del noroeste peninsular», *Actas del II Congreso de Arqueología Peninsular*, III, pp. 19-23.
- BALSEIRO FERNÁNDEZ, A. (2000): *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes*. Lugo.
- BETTENCOURT, A.M.S. (2000): «O mundo funerário da Idade do Ferro do Norte de Portugal: algumas questões», *Actas do 3º Congresso de Arqueologia Peninsular*, 5, pp. 43-59.
- BOUZA BREY, F. (1965): «Tres torques áureos de Galicia», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XX (60), pp. 5-11.
- BÓVEDA FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> J. (1999): «As Diademas Castrexas de Galicia», *Actas do Congresso de Proto-história Europeia em homenagem a Martins Sarmiento*, 2, pp. 603-616.
- BRADLEY, R. (1990): *The passage of arms. An archaeological analysis of prehistoric hoards and votive deposits*. Cambridge.
- CALO LOURIDO, F. (1993): *A Cultura Castrexa*. Vigo.
- CALO LOURIDO, F. e SOEIRO, T. (1986): *Castro de Baroña. Campañas 1980/84*. Santiago.
- CAMINO MAYOR, J. (1995): «Pendiente», *Astures. Pueblos y culturas en la frontera del Imperio Romano*. Xixón, p. 247.
- CARDOZO, M. (1937): «Jóias áureas proto-históricas da Citânia de Briteiros», *Petrus Nonius*, I (3), pp. 254-260.
- CASAL GARCÍA, R. e BÓVEDA FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> (1996): «Algunhas cousas sobre ourivería galega», *Humanitas. Estudos en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, pp. 241-256.
- CASAL GARCÍA, R. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1998): «Acerca de otro nuevo torques de alambres enrollados», *Gallaecia*, 17, pp. 245-250.
- CASTRO PÉREZ, L. (1987): «Los torques de los romanos», *Gallaecia*, 9-10, pp. 97-119.
- CASTRO PÉREZ, L. (1995): «Una interpretación de la orfebrería castreña», *Arqueoloxía e Arte na Galicia prehistórica e romana*. A Coruña, pp. 123-145.
- CAVALHEIRO, J. e SANCHES, M<sup>a</sup> J. (1995): «Um caso de metalurgia primitiva de ouro na 1ª metade do IIIº milénio A.C.: o abrigo do Buraco da Pala - Mirandela», *Actas do I Congresso de Arqueologia Peninsular*, VII, pp. 167-182.

- FILGUEIRA VALVERDE, J. e BLANCO FREIJEIRO, A. (1954): «Nuevas joyas prehistóricas gallegas. El Tesoro Bedoya», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVIII, pp. 161-180.
- GARCÍA BELLIDO, A. (1966): «O problema dos enterramentos na cultura castrexa», *Revista de Guimarães*, LXXVI, pp. 5-24.
- HODDER, I. (1994): *Interpretación en Arqueología. Corrientes actuales*. Barcelona [2ª Ed.]
- LADRA FERNÁNDEZ, X. L. (1999a): *Contribuciones para un estudio historiográfico y ponderal de los torques castreños del Noroeste*. Memoria de licenciatura inédita apresentada ao Departamento de Prehistoria y Etnología da Universidad Complutense.
- LADRA FERNÁNDEZ, X. L. (1999b): «Algunhas consideracións sobre un fragmento de torques inédito recentemente aparecido no Castro de Troña», *Castrelos*, 12, pp. 67-80.
- LADRA FERNÁNDEZ, X. L. (2001): *Estudo contextual e cronolóxico da ourivería castrexa. O caso dos chamados torques ártabros*. Tráballo de investigación inédito presentado ao Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F.A. (1932): «Os torques do Noroeste Hispánico», *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, IV, pp. 97-130.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1939): «Una nueva arracada posthalstática», *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XII (247), pp. 141-148.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F.A. (1951): *Las joyas castreñas*. Madrid.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e SERPA PINTO, R. (1933-34): «Estudos sobre a Edade de Ferro no noroeste da península. A relixión», *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, VI, pp. 297-367.
- LUENGO MARTÍNEZ, J.Mª (1950): *Excavaciones arqueológicas en el Castro de Meirás*. Madrid.
- LUENGO MARTÍNEZ, J.Mª (1979): «El tesoro de Elviña y tres torques coruñeses», *Trabajos de Prehistoria*, 36, pp. 213-246.
- LUZÓN NOGUÉ, J.M. (1973): *Excavaciones en Itálica. Estratigrafía en el Pajar de Artillo (Campaña 1970)*. Madrid.
- MACIÑEIRA, F. (1930): «Interesantes noticias inéditas sobre antigüedades gallegas», *Boletín de la Real Academia Gallega*, XIX (226), pp. 225-230.
- MEIJIDE CAMESELLE, G. (1996): «Arracada del Castro de A Graña», *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*. Lugo, p. 111.
- MONTEAGUDO, L. (1952): «Torques castreños de alambres enrollados», *Archivo Español de Arqueología*, XXV (86), pp. 287-296.
- PEÑA SANTOS, A. de la (1992): «El primer milenio a.C. en el área gallega: génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la arqueología», *Paleoetnología de la Península Ibérica*. Madrid, pp. 373-392.
- PEREA CAVEDA, A. (1991): *Orfebrería prerromana. Arqueología del oro*. Madrid.
- PEREIRA MENAUT, G. (1983): «Limiar», en *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago, pp. 9-17.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1982): *De ourivesaría castrexa. I. Arracadas*. Ourense.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1989): «Orfebrería castreña», *El oro en la España prerromana*. Madrid, pp. 90-107.

- REBOREDO CANOSA, N. (2000): *La tecnología del oro en el primer milenio a.C. en Galicia: los torques*. Tese de doutoramento inédita apresentada ao Departamento de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela.
- RENFREW, C. e BAHN, P. (1993): *Arqueología. Teoría, métodos y práctica*. Madrid.
- SEVERO, R. (1905-08): «As arrecadas d'ouro do Castro de Laundos», *Portugália*, II (1-4), pp. 403-412.
- SILVA, A.C.F. da (1980): «Campanha de trabalhos arqueolóxicos na Cividade de Terroso (Póvoa de Varzim) 1980», *Póvoa de Varzim. Boletim Cultural*, XX (2), pp. 305-315.
- SILVA, A.C.F. da (1986): *A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira.
- TEIXEIRA, C. (1939): «Os torques do Castro de Lanhoso (Póvoa de Lanhoso)», *Anais da Faculdade de Ciências do Porto*, XXIV (1), pp. 245-252.
- VILASECO VÁZQUEZ, X.I. (1999): «A problemática dos enterramentos na Cultura Castrexa do NW. Unha aproximación desde as culturas limítrofes», *Actas do Congreso de Proto-história Europea em homenagem a Martins Sarmiento*, 2, pp. 495-513.